CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 149. Xuño 2018. Distribución gratuíta

Descontos, premios directos e un gran sorteo na Noite Aberta

O comercio local asociado de Melide celebra o venres 22 de xuño unha nova edición da Noite Aberta. Unha xornada repleta de grandes descontos que chegarán ata o 50%, sorpresas, premios directos e un gran sorteo que se celebrará ás doce da noite no Cantón de San Roque. Dende as cinco da tarde e ata a media noite un total de 28 establecementos abrirán as súas portas para que veciños e visitantes merquen todo tipo de produtos aos mellores prezos. P3





A praia fluvial de Furelos non é apta para o baño

A oposición solicitou un pleno extraordinario para pedir explicacións e, mentres, o goberno local desaconsellará o baño ante a calidade insuficiente das augas. P11

Mingos de Pita, premio á Defensa do Idioma 2018

O Servizo de Normalización Lingüística da Terra de Melide outorgoulle o premio a título póstumo polo seu "amor á lingua, ao país e á Terra de Melide". P18

EMPRESA
Manuel Vázquez repite como presidente ao fronte de Asetem P4

COMARCA
O Concello de Toques organiza visitas guiadas na Capela de San Antolín P13

CULTURA
Solidariedade e deporte na Media Maratón 'Os 21 do Camiño' P18

ENTREVISTA

Sesé Pacín, Medusa Shop P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Un futuro incerto para o rural

O pasado 3 de xuño as rúas de Compostela enchéronse de cidadáns pertencentes a diferentes colectivos coa finalidade de defender e pelexar por un obxectivo común: loitar contra o abandono do rural. Unha convocatoria desvinculada de ideoloxías e coa finalidade de concienciar sobre a necesidade de investir máis e mellor no rural para que este teña futuro.

Manifestación en contra do proxecto da mina de cobre en Touro - O Pino o pasado 10 de xuño en Santiago (Foto: P. Lorenzo)

Unha chamada de socorro que buscou dar visibilidade ás problemáticas máis urxentes: o envellecemento da poboación rural, o despoboamento e en consecuencia a falta de relevo xeracional que continúe coa actividade no rural. Colectivos do mundo da pesca, da caza, do sector industrial, sindicatos e demais agrupacións uníronse para clamar por unha única reivindicación: que non se deixe morrer o rural.

Máis as últimas noticias que chegan non son nada alentadoras. Recortes nas axudas da Política Agraria Común, continuas baixadas no prezo do leite, un Plan Forestal de Galicia complexo de executar e, por se isto fose pouco, o desenvolvemento de proxectos de dubidoso beneficio para o medio ambiente e en consecuencia para o medio rural, como por exemplo a mina de Touro.

A sensación que nos invade tende a ser sempre a mesma, a de querer enriquecer única e exclusivamente aos mesmos, aos grandes, en detrimento dos pequenos. É curioso como no caso da mina de cobre en Touro se continúa adiante cun proxecto que conta con varios informes desfavorables en vez de proceder á súa inmediata suspensión.

"O rural vai a menos", escoitamos cada vez máis. Pero precisamente por iso debemos pelexar con máis forza. Cómpre reclamar a execución inmediata de medidas efectivas, como unha boa ordenación do territorio, unha rápida concentración parcelaria e fomentar o cooperativismo. Non só se trata de vivir no rural, senón de vivir do rural, e medidas como estas aplicadas de xeito máis rápido e efectivo permitirían un mellor aproveitamento dos terreos e por tanto o crecemento das explotacións agrarias, incluso para os pequenos.

E non só de explotacións agrarias debe vivir o rural. É necesario diversificar e incentivar a creación de todo tipo de proxectos sustentables no campo, pois iso tamén permitiría fixar poboación no rural e comezar a combater a sangría de poboación que vimos sufrindo. De nada servirá crear emprego se non hai poboación.

Durante moito tempo o rural foi o único medio de vida para moita xente, pero cada vez o é menos. Entre todos estámolo deixando morrer, cando o que deberíamos facer é xestionar e explotar mellor os seus recursos. Pelexemos entón porque non morra e, pese a todo... garantir así o seu futuro.

Tribuna de opinión

Grazas e a traballar!

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Parece que foi onte e vimos de cumprir catro anos como xunta directiva de Asetem. O 26 xuño de 2014 eliximos a Manuel Vázquez como presidente da asociación co 69% dos votos e, pasados catro anos, ese proxecto que comezou "con ilusión e ganas de constituír unha patronal máis activa e visible con todos os sectores representados", repetirá ao fronte desta entidade polo menos outros catro anos. Ao longo de todo este tempo procuramos traballar sempre polos intereses de todos e cada un dos socios, con responsabilidade e co firme obxectivo de acadar con cada acción desenvolvida unha institución máis sólida e unida. Este mes de xuño, e tras celebrar a correspondente Asemblea Xeral Ordinaria, saímos reforzados nos nosos propósitos e coa mesma ilusión. Miramos ao futuro e constatamos as mesmas ganas de traballar e tamén de afrontar novos desafíos. Queremos reforzar e consolidar cada unha das campañas levadas a cabo, poñer en marcha novos proxectos, continuar sendo un punto de referencia, información e reivindicación dos intereses de todos os asociados e, ao mesmo tempo, manter a independencia que nos caracterizou como colectivo. En definitiva, queremos seguir medrando e para iso precisamos de vós. As portas de Asetem están abertas a todo tipo de propostas, ideas e tamén críticas, xa que só a través do diálogo e o consenso acadaremos o mellor para todos. Non queremos comezar esta nova andaina sen antes darvos as grazas a cada un dos socios, pois sen vós nada disto tería sentido.

Grazas e a traballar!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez López, AA. VV. Melidá, Ángel Curtis
AGRADECEMENTOS: Pilar López López, Yolanda Pampín Gil
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

A Noite Aberta chega aos comercios de Melide o próximo 22 de xuño

Un total de 28 establecementos abrirán as súas portas ata as doce da noite con descontos de ata o 50 % e un gran sorteo

A última edición da Noite Aberta tamén contou con grandes descontos e animación na rúa

Un ano máis, e van catro xa, o CCA – Asetem organiza a Noite Aberta; unha xornada repleta de descontos, promocións e actividades ata as doce da noite que persegue o obxectivo de dinamizar e potenciar as vendas no pequeno comercio local.

Será o venres 22 de xuño en horario de 17.00 a 24.00 horas e participarán un total de 28 comercios asociados, unha cifra de establecementos lixeiramente superior á de anos anteriores. En palabras da xerente do Centro Comercial Aberto, Pilar López, "a verdade é que estamos moi satisfeitos coa participación porque vemos que ano a ano aumenta o número de comercios e iso axuda a consolidar unha campaña como é a da Noite Aberta que serve de antesala ás rebaixas de verán".

Descontos de ata o 50%, "Rasca e gana" e máis de 500 premios

Nesta cuarta edición da Noite Aberta haberá descontos especiais de ata o 50% en produtos de temporada, ademais das numerosas sorpresas que os diferentes establecementos teñan preparadas para os seus clientes, tales como degustacións, pequenos agasallos, promocións de 2x1, etc.

Así mesmo, ao longo de toda a tarde entregarase con cada compra realizada unha tarxeta de "rasca e gana" coa que se poderá optar directamente a un regalo de promoción de Asetem (máis de 500 premios directos). Con ese mesmo rasca, independentemente de que estea premiado ou non, o comprador xa ten acceso directo a un gran sorteo que se vai realizar ás doce da noite no Cantón de San Roque. Para iso terá que depositar a partir das 23.30 horas da noite todos os rascas que obteña ao longo da tarde nunha urna situada no Cantón de san Roque, onde ao mesmo tempo se lle fará entrega do premio correspondente ao rasca en caso de que lle tocase algún.

Cabe destacar que no sorteo que se realizará ás doce da noite os premios consistirán nun circuíto termal no Hotel Balneario Río Pambre, nun lote de viños xentileza da Viñoteca Ribeirao e en dous lotes de queixos xentileza de Arzúa-Ulloa. Pero ademais, sortearanse multitude de vales desconto e numerosos produtos e agasallos procedentes dos comercios participantes na Noite Aberta. Así mesmo, para todos aqueles que se acheguen ao sorteo da media noite haberá unha degustación de queixos. Ao ser presencial, en caso de que non aparecesen os premiados nun primeiro momento continuarase co sorteo ata que se repartan todos os premios.

Animación na rúa

Para completar esta xornada especial de compras haberá animación infantil na rúa e por todas as tendas dende as cinco ás oito e media da tarde. Posteriormente, de oito e media a doce da noite haberá animación musical a cargo do grupo folclórico Trisqueleiro de Toques.

Pola súa banda, para crear un ambiente homoxéneo e festivo os comercios participantes contarán cunha decoración consistente en globos brancos e alfombras vermellas de Asetem.

Destacar que este ano ademais dos establecementos relacionados coa moda tamén participan outros sectores como o da estética, perfumería, electrodomésticos, utensilios de cociña e fogar, xoiería, ópticas, un estanco e tamén unha parafarmacia.

Finalmente, a xerente de Asetem non quixo deixar pasar a oportunidade para "animar a todos os comerciantes a participar activamente na Noite Aberta con todo tipo de actividades e promocións que eles mesmos teñan a ben facer, para contribuír así ao enriquecemento da campaña e que esta repercuta de xeito positivo no trato co cliente".

NOITE ABERTA

COMERCIOS PARTICIPANTES

- ALAIN AFFLELOU
- CALZADOS BROZ
- COLORÍN COLORADO
- DEPORTES LÓPEZ
- DIVA PRO HAIR & BEAUTY
- EKATÉ
- ELECTROSAN
- ESTANCO ANGARELA
- GRUPO NOGUEROL
- MAGNÍN MODA
- MEDUSA MODA
- MERCERÍA MARVI
- MIS MEJORES LABORES
- MODAS DÁNDOLO
- MUXICA - TENDA XOVEN
- M&M MODA
- ÓPTICA TÁBORA
- PARAFARMACIA O CANTÓN
- PASARELA
- PERFUMERÍA LYSS
- ROMERO ZAPATERÍAS
- SISUKA
- SPORT MODA
- STARDEMODA
- SUEÑOS
- TU BOUTIK
- XOIERÍA ORO LEY
- ZAPATERÍA PEQUENIÑOS

ASETEM

JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com

Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Manuel Vázquez García continuará como presidente da Asociación de Empresarios

Un momento da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no salón de actos de Asetem

Manuel Vázquez García repetirá como presidente ao fronte da Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto trala celebración da correspondente Asemblea Xeral Ordinaria e tamén Extraordinaria do martes 12 de xuño. A ausencia de máis candidaturas fixo que o actual presidente continúe no cargo, polo menos, catro anos máis.

A convocatoria tivo lugar no salón de actos de Asetem e, tal e como fixan os estatutos da asociación, celebrouse en primiero lugar a Asemblea Xeral Ordinaria onde se deu conta das actividades levadas a cabo durante o pasado ano. Trala benvida do presidente e a lectura da acta anterior, a xerente de Asetem – CCA, Pilar López, analizou e explicou cada unha das actividades, campañas e convenios desenvolvidos ao longo de 2017. Do mesmo xeito, fíxose un pequeno balance das contas, previamente analizadas polos socios, para proceder finalmente a súa aprobación.

Unha vez rematada a exposición os socios presentes tomaron a palabra para engadir, aportar e suxerir todo tipo de ideas.

Finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria celebrouse a Extraordinaria da que, ao non haber máis candidaturas presentadas, saíu proclamado automaticamente Manuel Vázquez como presidente de Asetem. As primeiras palabras do reelixido presidente foron de agradecemento e compromiso coa entidade: “teño que darlle as grazas a todos os socios pola súa colaboración e implicación na asociación e sobra dicir que continuaremos a traballar na mesma liña sempre tratando de consolidar proxectos así como buscando novas alternativas”.

A única novidade foi a incorporación de tres novos membros á xunta directiva, que son Emma Sanmartín García, José Antonio Pampín Mosteiro e Juan José Rodríguez. Na próxima reunión da xunta directiva procederase ao nomeamento de cada un dos cargos.

Comprometido con Asetem

Manuel Vázquez García (coñecido popularmente como “Sierra”) é o sétimo presidente de Asetem. Natural do Concello de Toques creou a súa propia empresa no ano 1998, Transportes Sierra, con sede no polígono industrial da Madanela (Melide) e dedicada ao transporte de automóbiles a nivel nacional e internacional. Manuel Vázquez é socio de Asetem dende 2005. No ano 2010 pasou a formar parte da xunta directiva de man da anterior presidenta, Sonia Valiño e, dende 2014, é presidente de Asetem

XUNTA DIRECTIVA ACTUAL

Presidente
Manuel Vázquez García
(Transportes Sierra)

Rodrigo Fernández Pombo
(Seguros Bilbao)

José Ramón Villamor Varela
(Xoiería Oro Ley)

José Valiño Vázquez
(Muxica Tenda Xoven)

Juan Carlos Casal Vázquez
(Hermanos Casal Vázquez)

Margarita Iglesias Fociños
(Mis Mejores Labores)

Sabela Santín Amo
(Santín Amo Peluqueros)

Ceferino Lobato Vázquez
(Cafetería Chaplin)

Jorge Pereiro Torres
(Pulpería Ezequiel)

Emma Sanmartín García
(Diva ProHair&Beauty)

José Antonio Pampín Mosteiro
(Neumáticos Melide)

Juan José Rodríguez
(Casa Juanito)

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

DOLORES VÁZQUEZ SENÍN, "MERCERÍA ISABEL" (*Rúa Camiño de Ovedo, 3 - Melide)*

"Queremos que o pequeno comercio de Melide continúe e se potencie"

- Mercería Isabel conta cunha longa traxectoria. Cóntenos como comezou?
- Dolores Vázquez (D.V.): Traballei sempre con miña nai nunha mercería que abriu miña avoa aquí en Melide e, co tempo, miña nai tivo que abrir outra na mesma rúa. Logo miña nai xubilouse e deixoume a min o negocio.

- Que podemos atopar na súa mercería?
- D.V.: A miña avoa dedicábase á venda de roupa confeccionada e nós continuamos co mesmo. Traballamos roupa de nenos, roupa de maiores, corsetería, paquetería tanto de home como de muller e infantil; e fogar, o que vén sendo edredóns, sabas de inverno e de verán, protectores, nórdicos; e despois tamén temos edredóns de berce. En canto a roupa de cama soamente traballamos medidas estándar. Logo, no que é roupa de bebés temos bodies interiores, traxes para os máis pequenos dende que nacen, etc. E despois roupa de nenos e nenas ata o talle 12. Xa para adultos, pantalóns de tergal e cousas similares.

- Destacaría algunha casa en especial?
- D.V.: Para nenos traballamos Mayoral, Activo, Baby Bol, pixamas de Vera, Cuquitos ou Duffi. Para adultos traballo marcas que, aínda que non son moi coñecidas, son marcas españolas, por exemplo o pantalón do Coyote ou o 504 Don Vaqueiro. Traballo tamén outra casa que é galega de pantalóns de señor, de confección, dos que levan pinzas, e que é Aufer. En xeral adoitamos traballar con almacéns españois, aínda que os fabricantes sexan de fóra.

- Que destacaría vostede do comercio local?
- D.V.: Que nos levamos todos moi ben, porque se a min me vén un cliente a comprar algo e eu non o teño mándoo a outra tenda onde atope o que busca. E as outras tendas fan o mesmo comigo. Quero dicir que hai unión. Ademais somos todos dunha mesma xeración de xente nova. Moitos volvemos a coller os negocios dos nosos pais, e o feito de coñecernos de antes e de saber como funcionamos fai que traballemos todos un pouco máis unidos. Queremos que isto siga, que Melide se potencie como comercio e como o que é.

- E de cara ao futuro, como ve o comercio local?
- D.V.: Penso que o comercio pequeno vai a seguir porque ao final todo o mundo quere que lle expliquen como lle vai o talle da roupa ou que sabas son as mellores; digamos que queren un trato máis próximo e de confianza. Ademais, a confianza que se foi conseguindo co cliente ano tras ano é o que fai que sigan vindo e, moitas veces incluso, distintas xeracións dunha mesma familia. É curioso, porque miña avoa atendeu aos avós, miña nai atendeu aos pais, e eu estou atendendo aos netos.

A mercería Isabel é outro dos negocios con máis traxectoria de Melide, aspecto que se reflicte tamén nas súas bolsas

- Que destacaría do seu traballo?
- D.V.: Precisamente iso, o trato co cliente e a confianza, a proximidade. Gústame o traballo de cara ao público, coa xente do meu pobo e defendendo sempre o noso.

- Xa por último, algunha novidade na que estea traballando?
- D.V.: Como novidade principal é que agora dou o tícket de compra. Miña nai e miña avoa non o facían, e nós eramos un dos poucos comercios que quedaban en Melide sen dalo. Agora facémolo e de momento todo moi ben. Ten en conta que esta é unha tenda moi antiga e a xente estaba acostumada a marchar sen el.

Campamentos para os máis pequenos a través da campaña Verán Educa Melide

Dentro das actividades que a Asociación de Empresarios Terra de Melide organiza co fin de dinamizar o comercio e a vila de Melide, este ano vaise desenvolver por primeira vez a campaña Verán Educa Melide. "Trátase duns obradoiros infantís que se levarán a cabo durante o mes de xullo co obxectivo de concienciar aos nenos da importancia de comprar no comercio de proximidade e, a súa vez, tamén para facilitarlle aos pais a conciliación á hora de realizar as compras e atender aos nenos, xa que mentres mercan, os cativos estarán nos talleres", explicou a xerente de Asetem, Pilar López.

Funcionamento

Para participar nesta primeira edición da campaña Verán Educa Melide, os pais interesados en anotar aos seus fillos nos talleres, que serán principalmente de informática, deberán completar un pasaporte que poderán obter realizando as súas compras en calquera dos establecementos asociados a Asetem.

Unha vez obtido o pasaporte terán que completalo cos selos de dez establecementos diferentes ao realizar dez compras por un importe mínimo de dez euros cada unha. Finalmente, para poder acceder gratuitamente aos campamentos terán que acudir co pasaporte selado ás oficinas de Asetem onde poderán reservar praza para os seus fillos. A reserva de prazas farase por estrita orde de chegada.

A campaña, que xa está en marcha, levarase a cabo tamén durante o mes de xuño e, unha vez finalizada, comezarán os obradoiros que se desenvolverán entre o 2 e o 31 de xullo todas as tardes de luns a venres en horario de 16.00 a 20.00 horas. As actividades están dirixidas a nenos con idades comprendidas entre os 5 e os 12 anos e realizaranse nunhas instalacións aínda por determinar.

"Debido a que as prazas para participar nos campamentos son limitadas é necesario completar o pasaporte antes do 2 de xullo para poder apuntarse. Así, canto antes completen o pasaporte, antes poderán reservar praza", engadiu a xerente de Asetem-CCA.

Achegar o comercio

Cos campamentos infantís que se porán en marcha a través da campaña Verán Educa Melide dende Asetem perséguese un dobre obxectivo; por unha parte "favorecer a aprendizaxe e as relacións sociais dos máis pequenos así como o aproveitamento e goce da tempada de vacacións escolares, e por outra parte ofrecer ás familias a posibilidade de contar cun servizo que lles permita continuar cos seus labores habituais ao mesmo tempo que a xente da comarca coñece e promove o noso comercio".

Aberto os domingos

Por outra banda, e de xeito paralelo, dende o CCA – Asetem iniciouse estes días unha campaña de promoción do comercio melidense a nivel autonómico. O motivo non é outro que o de dar a coñecer unha das particularidades máis vantaxosas coa que contan os establecementos de Melide, e que non é outra que a de abrir os comercios ata as 14.00 horas tamén os domingos. "En Melide hai de todo para todos, temos gastronomía, temos ocio e lecer, temos multitude de comercios, temos patrimonio e cultura, e todo iso podémolo disfrutar os domingos; por iso lanzamos esta campaña, para que a xente de fóra da comarca se achegue a coñecernos e poida aproveitar as múltiples posibilidades que ofrece o Centro Comercial Aberto Asetem tamén os domingos", explicou a xerente.

Cada pasaporte debe ser completado con dez selos distintos

Cabe destacar que a imaxe desta campaña, consistente no reparto de centos de carteis, está a ser a cantante e actriz galega Eva Iglesias, con quen a Asociación de Empresarios Terra de Melide chegou a un acordo o pasado mes de marzo. En ambas campañas colabora o Concello de Melide e a Xunta de Galicia a través da Rede de Dinamización Comercial.

SUBVENCIÓNS

AXUDAS PARA AMPLIAR A REDUCIÓN DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A CONSOLIDACIÓN DO TRABALLO AUTONOMO, ANO 2018 (DOG 92, DO 15 DE MAIO DE 2018)

Obxecto: Axudas a persoas traballadoras autónomas, que causasen alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos antes do 1 de xaneiro de 2018 para manter a tarifa plana de 50€ de cuota de autónomos durante os seis meses seguintes ao remate da tarifa plana estatal.

Beneficiarios: Persoas traballadoras que estean de alta no réxime de autónomos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018, e que estean ou estivesen acollidos a tarifa de 50 €.

Requisitos: Rematar a tarifa de 50€ no exercicio 2018, realizar a actividade en Galicia e manter as condicións que deron lugar a esta tarifa de autónomos.

Contías: O importe de cotización entre os 50 € da tarifa plana, e o que se pagaría de cuota de autónomos os 6 meses seguintes ao remate da tarifa plana estatal, calculados sobre a base mínima de cotización.

Incompatibilidades: Esta axuda é incompatible con calquer axuda de incio de actividade, entre elas coa de promoción de emprego autónomo, programa emega, etc.

Prazo: Ata o 31/07/2018

AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN POR MATERNIDADE OU PATERNIDADE DA PERSOA TRABALLADORA ANUTÓNOMA (DOG 92, DO 15 DE MAIO DE 2018)

Beneficiarios: autónomos que nos 15 días seguintes ao remate da baixa por maternidade ou paternidade contraten a unha persoa por conta allea. Tamén serve para sociedades con respecto aos autónomos societarios.

Serán subvencionables as contratacións realizadas entre o 1 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018.

Contías: 100% da cuota empresarial da Seguridade Social da persoa contratada durante un máximo de dezaseis semanas.

Prazo: Contratacións feitas entre o 1 de novembro e o 15 de maio: ata o 15 xullo. Contratacións feitas dende o 16 de maio: un mes dende a contratación.

PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTONOMAS. CONVOCATORIA 2018 (DOG 105, DO 4 DE XUÑO 2018)

Beneficiarios: Traballadores autónomos cunha antigüidade na actividade empresarial ou profesional ininterrompida de 42 meses anteriores á solicitude, que teñan un rendemento neto reducido de actividades económicas inferior a 30.000 euros (segundo o IRPF 2017) e unha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído) no citado exercicio.

Bono: 80% da actividade subvencionada con un máximo de 3.000 €, en pagamento anticipado.

Liñas:

1. Mellora da competitividade a través dos seguintes servizos, entre outros: Investigación de mercado, plan de márketing, plan de comunicación do negocio, plan de crecemento...

2. Mellora da competitividade a través dos seguintes investimentos: maquinaria, ferramentas, reforma do local, equipos informáticos, rótulos, aplicacións informáticas e páxinas web, e creación de logotipo do negocio.

Prazo: Ata o 4/07/2018

Información elaborada por CC Xestión
R/Florentino L. Cuevillas, 2 baixo (Melide)
Tlf.: 881 973 307 - info@ccxestion.com

POR SER DE XUSTIZA

A responsabilidade dos administradores por débedas

Eva Novás
Avogada

O mes de xuño é un mes de obrigas contables para as empresas, cando chega o momento da presentación de contas anuais e balances. Tamén é o momento de facer exame e análise dos resultados do exercicio. E cada ano son máis estritas as normas e máis numerosas as obrigas neste sentido, para que as sociedades se leven e ordenen coa chamada "dilixencia dun ordenado empresario e un representante leal".

O depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil configúrase como unha obriga coa finalidade de dar publicidade aos resultados e á situación patrimonial e financeira das empresas e como método de acceso ós socios en casos de opacidade da administración social. Tamén para que os terceiros poidan acceder a dita información a fin de que dispoñan dun criterio obxectivo á hora de decidir se establecen ou non relacións contractuais e de comercio con ditas empresas. Cuestión ben distinta é a veracidade da información que accede ao rexistro a través das contas anuais e todos aqueles casos nos que deberíamos analizar se estamos ante un delito societario.

Entre estes terceiros que poden ter interese na información depositada no rexistro están, por suposto, os acredores. Que poderán servirse desta información en esixencia da responsabilidade que corresponda polas débedas contraídas con eles por esas sociedades, ó saber, por exemplo, que a empresa debedora se atopa en situación de insolvencia ou afectada por unha causa que obriga á súa disolución.

Nestes supostos, os administradores das sociedades teñen un papel protagonista que compre coñecer e que moitas veces supón para os acredores unha vía de recuperación dos seus créditos. Pois non só se prevé legalmente a responsabilidade da empresa como persoa xurídica: A Lei de Sociedades de Capital tamén establece de forma expresa a responsabilidade solidaria dos administradores sociais por débedas e perdas da empresa, cando non cumpran as súas obrigas ante unha causa de disolución e se trate de débedas e obrigacións contraídas ou consentidas por eses administradores cando xa sabían, ou debían saber, que a súa empresa estaba en situación de insolvencia ou afectada por dita causa de disolución. É dicir, trátase dunha acción para que os acredores poidan esixir a responsabilidade dos administradores polo mero feito de seguir unha conduta de omisión das súas obrigas.

De modo que non só respondería a sociedade, tamén o faría de forma solidaria o administrador cos seus propios bens, presentes e incluso futuros, polas débedas contraídas pola sociedade durante a vixencia do seu cargo. Trátase de evitar que se adquiran obrigacións e se contrate en prexuízo dos acredores, cando o administrador xa sabe que non poderá cumprir con eles e atender os pagos. Tanto é así que os acredores dispoñen dun prazo de catro anos para esixir esta responsabilidade, aínda que o administrador xa cesara no seu cargo.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Tchin Tchin
ESPECIAL VERANO

TU 2º Y 3er PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

Y EL 3º PARA TI O PARA QUIEN TÚ QUIERAS

«¡Con 3 gafas es mejor!»
Sharon Stone

* Oferta válida del 06/06/18 al 03/09/18. Ver condiciones en óptica.

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU

CLUN recibe o Premio 'Cooperativa do ano'

O presidente de CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas), José Ángel Blanco, recolleu en Madrid o Premio 'Cooperativa do Ano', concedido por Cooperativas Agro-alimentarias de España. A entidade recoñeceu a CLUN como "unha das apostas de integración cooperativa máis importantes dos últimos anos, o feito de converterse en referente no sector agrogandeiro galego e o seu compromiso coa responsabilidade social, a innovación, a calidade e o seu modelo de xestión orientado a unha sustentabilidade económica, social e medioambiental na que as persoas son o primeiro". Acompañado polo director xeral da Cooperativa, José Luis Antuña, e o presidente de Feiraco, José Montes, José Ángel Blanco agradeceu a Cooperativas Agro-alimentarias esta distinción porque supón "un novo estímulo para seguir ofrecendo servizos de calidade aos seus socios, e a proba de que o cooperativismo é o camiño correcto para asegurar a competitividade do sector e que o beneficio revirta nos gandeiros de forma directa". Blanco subliñou ademais que este "non é un recoñecemento parcial a unha compañía, senón o premio ao esforzo colectivo dos nosos socios gandeiros".

Máis de 3.500 socios

Dende a súa constitución en xaneiro de 2017, CLUN conta na actualidade con máis de 3.500 socios, cinco fábricas e tres centros de traballo situados en trinta municipios do norte e centro de Galicia. A súa actividade estrutúrase en tres divisións: lácteos, subministración e servizos.

Récord de participación na campaña dos Días Azuis

Os comercios de Melide particparon por segunda vez nesta campaña

Do 7 ao 21 de maio celebrouse a segunda edición da campaña Días Azuis do Comercio Galego. Durante ese tempo mercar no comercio de proximidade tivo premio e, nesta ocasión, tamén en Melide. Tal foi así que o establecemento asociado a Asetem – CCA, Perfumería Lyss, entregou o único premio da comarca dotado con 150 euros. Neste senso a afortunada foi María del Carmen Sánchez García. Nas vindeiras datas a Federación Galega de Comercio, organizadora da campaña, porase en contacto con todos os gañadores, así como coas as asociacións correspondentes para coordinar a entrega de premios que terá lugar o vindeiro xoves 21 de xuño a partir das 19.00 horas en Santiago de Compostela. Dende a Federación fixeron un balance positivo da campaña que nesta edición "incrementou de xeito considerable os resultados de participación con respecto á primeira edición, achegándose ata os 100.000 tíckets rexistrados".

Mercamelide de verán: 11 e 12 de agosto

Os comerciantes de Melide mantiveron unha reunión co concelleiro de Facenda, Luis Arias, para perfilar os detalles de cara á próxima edición do Mercamelide de verán. En dita reunión fixouse como data para celebrar o outlet os vindeiros 11 e 12 de agosto; a fin de semana antes da Feira Medieval e das festas do San Roque. Unha edición máis, a feira de stocks celebrarase no Palacio de Congresos e os interesados en participar terán de prazo ata o 20 de xullo para anotarse, tanto no propio Concello como nas oficinas de Asetem. Previamente, o 9 de xullo haberá unha reunión con representantes do Concello para ir coñecendo o número de inscritos e expoñer as posibles actividades a desenvolver durante o Mercamelide.

Consolidar a feira de oportunidades

Ao igual que en anos anteriores, nesta ocasión volverá a haber seguridade no recinto pola noite e, dende os comercios, solicitouse ao Concello a colocación de bandeirolas nas principais rúas de Melide para unha maior difusión e visibilidade do evento. Á reunión asistiron preto dunha quincena de comerciantes que, en todo momento, percibiron a boa sintonía e predisposición por parte do Concello a continuar organizando o Mercamelide na súa edición de verán. Cabe destacar que nesta feira de stocks poden participar tanto os comercios asociados a Asetem como os non asociados. Nos próximos días Concello de Melide e Asetem enviarán unha invitación conxunta a todos os comerciantes co obxecto de impulsar a feira de oportunidades e consolidala como referente do seu sector no centro da comunidade.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ópticastábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

“Facer o ciclo de madeira ten unha garantía de atopar traballo do 100%”

A reserva de matrícula xa pode facerse no mes de xuño

No taller do ciclo de Madeira do IES de Melide os alumnos manexan todo tipo de máquinas

O curso escolar chega ao seu fin e para moitos alumnos é o momento de decidir que camiño escoller de cara a un futuro laboral. Algúns elixirán o Bacharelato e outros a Formación Profesional, sempre tendo en conta que a elección tamén será determinante para atopar traballo o día de mañá.

En Melide, ademais do Bacharelato, outra das opcións é o Ciclo Medio de Carpintería e Moble. Son 2.000 horas de formación distribuídas en dous anos. O primeiro é un ano completo no instituto e o segundo ata marzo no instituto e de abril a xuño realizando prácticas. A reserva de matrícula debe facerse en xuño e a formalización da mesma adoita realizarse na primeira quincena do mes de xullo.

Pero se por algo destaca o Ciclo Medio de Madeira do IES de Melide é pola súa alta taxa de inserción laboral, aspecto que poñen de manifesto os seus profesores. “Agora mesmo facer o ciclo de madeira en Melide ten unha garantía do 100% de atopar traballo ao día seguinte de acabar as prácticas. Estannos chamando as empresas constantemente e xa non para facer as prácticas, senón para traballar; esa é a realidade que temos actualmente aquí”, explica o profesor deste ciclo Javier Iglesias. O IES de Melide conta con 25 prazas para este ciclo medio e pese a que en anos anteriores a súa demanda baixou lixeiramente, sempre mantivo solicitudes.

Vantaxes do ciclo

Iglesias explica que moitas persoas cren que facer o ciclo de Madeira tan só se reduce a crear mobles e “non é así”. “Temos un ciclo medio no que sempre estamos innovando, involucrados en diferentes proxectos e en constante movemento. Somos un ciclo moi dinámico onde o que prima é sobre todo a formación do alumnado porque saen de aquí perfectamente capacitados para traballar e ser totalmente autónomos. Abonda con dicir que de todos os rapaces que fan as prácticas, un 50% xa queda a traballar na mesma empresa onde as realizou”. En relación a isto, no instituto contan cunha carteira de preto de 60-70 empresas de todo o interior de Galicia para facer as prácticas de carpintería.

Javier Iglesias tamén insiste en que “o límite está onde o queira fixar o propio alumno e non no ciclo, pois cursar os estudos de madeira que temos aquí dá opción a multitude de saídas, sempre se pode avanzar; por exemplo, ao acabar o ciclo medio xa tes un oficio, pero tamén podes seguir estudando e acceder a un ciclo superior e despois mesmo á universidade ou presentarte a unhas oposicións para ser profesor se tes o CAP”.

Iglesias incide en que facer Madeira non significa que teñas que ser carpinteiro, “podes acabar dedicándote a outra profesión e acceder a outro tipo de industrias. E xa no ámbito da carpintería tamén podes optar a diferentes ramas como por exemplo acabados, restauración, carpintería de taller ou de obra, podes ser operario de control numérico e mesmo acabar dedicándote ao deseño”.

Tendencia laboral

Dende o Ciclo Medio de Madeira do IES de Melide tamén se fan eco das necesidades actuais do mercado laboral onde Javier Iglesias destaca o feito de que “cada vez máis xente que remata unha titulación universitaria accede a un ciclo porque sabe que iso lle vai dar acceso directo ao mercado laboral. Eu vexo que nos últimos tempos incluso a prensa recolle a necesidade e a falla de técnicos profesionais, e ten en conta que na Formación Profesional en xeral, nun período de seis meses, o 80% dos alumnos teñen garantida a súa entrada ao mundo laboral”.

Requisitos

A única condición para poder acceder a un Ciclo Medio de Formación Profesional é ter aprobada a ESO ou superada unha proba de acceso. Ademais, Iglesias lembra que á hora de elixir a FP “sempre é recomendable comezar por un ciclo medio para coñecer e aprender a base do oficio e despois acceder a un ciclo superior”.

SABER DE LEI

Herdanzas en vida

E&M AVOGADOS

Seguramente a todos cando nos falan de herdanza se nos pasa pola cabeza a palabra morte. Pero en Galicia non é necesario que se produza o falecemento para que os herdeiros poidan herdar, xa que a nosa comunidade contempla os Pactos Sucesorios, que ben poden ser mediante apartacións ou mediante os pactos de mellora. Isto quere dicir que se permite avanzar unha parte da herdanza en vida a algúns dos herdeiros.

Isto non se da só na nosa comunidade autónoma, senón que tamén o podemos atopar no País Vasco, Navarra, Cataluña e Aragón. No resto de España só se pode herdar unha vez que o legatario faleza.

Os pactos de mellora son aqueles polos que se convén a favor dos descendentes a sucesión en bens concretos. Os pais poden reservarse o usufruto ou ben pactar co mellorado unhas determinadas obrigacións, como poden ser os coidados na terceira idade, etc.

Pero os pactos de mellora unicamente se poden facer a fillos ou a netos; en ningún caso a pais ou ao cónxuxe.

O requisito imprescindible é que os beneficiarios sexan maiores de idade e gozar da plena capacidade de obrar e firmar ante notario. E os bens que se poden transmitir non teñen limitación algunha; van dende pisos, casas, fincas, diñeiro, solares, participacións sociais…

Pero unha pregunta moi común sobre os pactos de mellora é a de como o tributan, ou que consecuencias fiscais teñen. Pois ben, trataríase dun imposto sobre sucesións; transmítense uns bens en vida, pero a efectos fiscais o causante falece. Sería polo tanto unha adquisición “mortis causa”. Pero atopámonos aquí cunhas bonificacións fiscais vixentes dende o 1 de xaneiro de 2016 onde os “apartados” ou “mellorados” maiores de 25 anos ou máis gozan dunha redución do 100% se o ben ou bens non superan os 400.000 euros.

Pero non se pode pasar por alto que a pesar de que a cota tributaria sexa 0, hai que presentar a autoliquidación nun prazo de 6 meses na oficina liquidadora correspondente.

O pacto sucesorio tampouco está suxeito a gravame no IRPF, o que quere dicir que non se debe incluír na declaración da renda.

En canto á plusvalía municipal que se debería pagar por estes bens hai que ter en conta que os bens rústicos e o diñeiro está exento. E dentro dos bens urbanos é moi discutido por razón de posible inconstitucionalidade de dito imposto e habería que revisar cada caso concreto, e de todos xeitos os obrigados a pagar ditos impostos serían os beneficiados por ditos pactos sucesorios.

Dende o cambio de lei no ano 2016 Galicia sufriu un notable aumento das peticións á administración autonómica para executar estes pactos sucesorios.

Hoxe en día entran 76 solicitudes por día debido ás grandes vantaxes fiscais que temos, xa que o mínimo exento son 400.000 euros por herdeiro, sen contar a vivenda habitual. Superada esa cantidade só se tributa polo que se supera. Actualmente segundo cálculos da propia Axencia Tributaria de Galicia, un 99% de herdeiros non tributa por isto. A pesar de que se ten que declarar sempre, pero non se paga.

O medo a que estas vantaxes fiscais rematen tamén é o que está provocando que se produza a masiva cantidade de casos que se están dando actualmente.

Pero a rebaixa fiscal non logra parar a renuncia de legados. Isto é debido a que a pesar das bonificacións existentes moitos dos inmobles legados teñen débedas, ben sexa hipotecas, impostos sen pagar, créditos pendentes de pago, etc, aos que moitos galegos non dan feito fronte e deciden renunciar ás herdanzas.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito
Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 282 / 671 833 425

Distintos informes desaconsellan o baño na praia fluvial de Furelos

O goberno local informará da calidade insuficiente das augas mentres a oposición e colectivos da vila esixen solucións

Co verán ás portas, un ano máis volve a repetirse a mesma situación: a praia fluvial do río Furelos non é apta para o baño, ou polo menos así o recolle un dos últimos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública que cualifica de insuficiente a calidade das súas augas. E non só a Dirección Xeral de Saúde Pública, senón tamén a Axencia Europea de Medio Ambiente que desaconsella igualmente o baño "debido á presenza de bacterias fecais que poden provocar problemas de saúde tanto dixestivos como respiratorios".

Ante esta situación, o goberno de Melide non tivo máis remedio que admitir unha realidade que a oposición leva denunciando dende hai anos, e desaconsellar o baño na praia fluvial de Melide mediante a instalación de carteis que advirtan da calidade insuficiente das súas augas e, en consecuencia, da recomendación de absterse do baño.

"Vimos advertindo isto dende o ano 2011 e o goberno do PP é consciente. Dende o 2014 a calidade da auga foi baixando paulatinamente, advertímosllo e non fixeron nada, co cal as medidas que anuncian agora chegan tarde e son de dubidosa vontade, máis ben soan a desculpas de cara ás eleccións", dixo o voceiro socialista de Melide, José Prado.

Co obxectivo de pedir explicacións os partidos da oposición de Melide, BNG e PSdeG-PSOE, solicitaron a convocatoria dun pleno extraordinario para tratar o problema da praia fluvial e do saneamento. "O goberno local terá que dar explicacións diante do pobo, sete anos de non facer nada non poden quedar tapados por un anuncio municipal tardío e sospeitoso de buscar solucións realmente", explicaron. Está previsto que os partidos da oposición se reúnan con distintas asociacións da vila antes da celebración deste pleno extraordinario.

As medidas do goberno

Entre as medidas que o goberno de Melide anunciou nos últimos días para tratar de solucionar esta problemática figuran un estudo encargado a científicos de diferentes universidades, entre elas a de Santiago de Compostela, para tratar de mellorar a calidade ambiental do río Furelos. Paralelamente, "reforzaranse os controis sobre as augas e incrementarase a vixilancia para evitar actitudes incívicas que poidan danar o treito do río ao seu paso pola vila". Así o anunciou a alcaldesa de Melide, Dalia García, co obxectivo de "buscar a solución definitiva" a esta zona de baño.

A outra medida anunciada polo goberno local foi "un proxecto técnico para solucionar a retención de sedimentos na zona de baño" encargado por Augas de Galicia.

Reaccións con cautela

As reaccións a estas medidas por parte de diferentes colectivos da vila foron de cautela. Así por exemplo, dende a Asociación de Troiteiros Río Furelos avaliaron como "positiva" esta decisión, "aínda que botamos en falta un compromiso por parte do goberno municipal de que se vaian facer efectivas as medidas que o devandito informe aconselle como necesarias". Ademais, insistiron na necesidade dun "pacto polo río" e amosaron a súa preocupación "dada a proximidade das eleccións municipais, de que se estea ante unha proposta de carácter electoralista".

A deputada socialista, Begoña Rodríguez, visitou cos compañeiros de Melide a praia fluvial para coñecer a problemática

Máis críticos foron dende a Asociación Veciñal Melidá tras coñecer que a Dirección Xeral de Saúde Pública informou ao Concello de Melide de que a praia fluvial do Furelos tampouco era apta para o baño no ano 2017. "A pesares de ter recibido a notificación por escrito, o goberno de Dalia García fixo público que a calidade das augas era suficiente e non desaconsellou o baño, podendo ter incorrido nun presunto delito de prevaricación", apuntaron.

Trala contestación por parte da Dirección Xeral de Saúde Pública ao escrito da asociación para saber se o Concello de Melide fora informado sobre a calidade das augas da praia fluvial nos anos 2017 e 2018, "queda probado que o Concello de Melide sabía que a calidade da auga do Furelos era insuficiente e que debería telo publicitado, desaconsellando o baño. Como ben sabemos, ignorou a segunda das obrigas e, na primeira, mentiu directamente".

Con todo isto, dende a Asociación Veciñal Melidá insistiron en que estarán "vixiantes de que o goberno melidense cumpra coas súas obrigas" e lembraron que a contaminación do río Furelos non é algo puntual da praia fluvial senón que se intensifica augas abaixo, "especialmente polos vertidos sen tratar do polígono industrial da Madanela".

O BNG denuncia o escaso control do Concello sobre as terrazas nas beirarrúas

O portavoz do BNG de Melide denunciou o incumprimento da ordenanza das terrazas no municipio e instou ao equipo de goberno a que "faga uso das súas competencias para velar polo seu debido cumprimento e, no seu caso, aplicar as medidas correctoras".

A denuncia chega ante as "numerosas queixas recibidas" por parte dos veciños. Segundo indicou Xesús Pereira, "é notorio que determinados locais non respectan as regras aprobadas; un claro exemplo son os establecementos que obstrúen as dúas rúas estreitas que enlazan a Praza das Coles coa Rúa Doutor Alberte de la Fuente Rodríguez", coñecida como a zona dos viños. "Por se fose pouco, estes 'escasos' comportamentos son un agravio comparativo para os moitos establecementos de Melide que se axustan á norma", engadiu.

Terrazas sen montar na zona vella de Melide

O portavoz nacionalista explicou que non se trata de "exercer un estrito control", pero si de "evitar as discriminacións" cara os negocios que si fan un uso axeitado das beirarrúas, ademais da imaxe que se proxecta da vila e dos dereitos dos cidadáns sobre os espazos públicos.

A ordenanza das terrazas de Melide aprobouse, a proposta do equipo de goberno, en xuño de 2017 coa unanimidade dos tres grupos políticos con representación na corporación.

Os socialistas instan ao goberno local a que cubra a demanda do comedor escolar

Máis prazas para cubrir toda a demanda actual do comedor escolar en Melide, iso é o que vén demandando o grupo socialista nos últimos plenos. Segundo apuntou o seu voceiro, José Prado, "as familias do pobo non verán atendidas as súas necesidades para cubrir esta demanda porque o Goberno local do PP non fará nada nese sentido, aínda que fose pedido directamente por nais e pais e tamén polo grupo municipal do PSdeGPSOE". Prado aclarou que xa no pleno do mes de abril "pedimos que se fixeran as xestións necesarias para dotar á poboación de Melide e da nosa comarca dun servizo completo de comedor escolar que facilitaría a conciliación da vida laboral e familiar". Non obstante, engadiu que "a única resposta do Goberno local foi un silencio moi significativo que anunciaba o que ían facer: nada". Dende o grupo socialista esixiron ao Concello que actúe e que non busque desculpas na lei "pois o mesmo decreto 132/2013 do 1 de agosto que regula os comedores escolares faculta ao Concello para actuar e liderar actuacións nesta materia". Neste senso, o voceiro socialista concluíu que "só a falta de vontade, sensibilidade e capacidade política explican que o PP non faga nada, mantendo a Melide sumido nunha parálise moi preocupante".

O Concello outorga ao ultramarinos Casa Juanito a Medalla de Ouro 2018

O Concello de Melide outorgaralle a Medalla de Ouro 2018, máxima distinción da vila, ao ultramarinos Casa Juanito; un establecemento local en activo dende o ano 1910 e fundado por Juan Rodríguez Uriña.

Nestes momentos o ultramarinos melidense ten como propietario a Juan José Rodríguez, a terceira xeración que rexenta este negocio, coñecido tanto na vila como na comarca e contorna.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, fixo especial fincapé no merecedor recoñecemento a esta casa xa que "se trata dunha mostra do comercio local, centenario en Melide e exemplo de proximidade e conservación dunha empresa familiar a través das xeracións".

A rexedora municipal tamén destacou que Casa Juanito "conta cun produto de máxima calidade e referente no comercio melidense; é o comercio máis lonxevo de Melide que continua a día de hoxe en activo, e dá a benvida aos peregrinos do Camiño Primitivo coa súa situación nunha das entradas ao casco antigo de Melide".

Juan José Rodríguez, dono de Casa Juanito, e Eva Varela, empregada

A Medalla de Ouro 2018 a Casa Juanito será entregada o vindeiro 29 de xuño coincidindo co día de San Pedro, patrón da vila, nun acto que terá lugar no salón de Plenos do Concello de Melide.

Outros asuntos

No transcurso do pleno no que se aprobou a concesión da Medalla de Ouro tamén se trataron outros asuntos como a aprobación do estudo de detalle definitivo para unha promoción inmobiliaria que se levará a cabo na Ronda de Pontevedra número 1.

Pola súa parte, dende a oposición o BNG comentou o "mal estado" no que se atopa o monólito dedicado ao escritor melidao Xosé Vázquez Pintor e interesouse polo custe que poida ter o informe encargado para analizar a calidade das augas da praia fluvial, ademais de preguntar "canto se lle pagou aos irmáns Torres polo pregón na festa do Melindre", e polas medidas de concienciación e limpeza de cara a posibles incendios. Sen recibir resposta algunha, o BNG foi instado e presentar as preguntas por escrito.

Dende o PSdeG-PSOE as preguntas foron en relación á redacción dun novo PXOM, á calidade das augas na praia fluvial de Furelos e ao deficiente mantemento da piscina municipal entre outros asuntos. Neste senso, as respostas recibidas "dan unha mostra do goberno que sofre Melide", sinalaron dende o grupo socialista.

Os queixos Terra de Melide, finalistas no campionato Gourmet

Os queixos que produce Lácteos Terra de Melide – queixo de tetilla "Terra de Melide" e queixo de Arzúa Ulloa– foron finalistas, xunto con outros sete queixos galegos, no campionato Gourmet; campionato do cal saíu elixido o Mellor Queixo de España 2018. Cabe destacar que os queixos de Lácteos Terra de Melide chegaron á fase final onde competiron entre os mellores 72 queixos de toda España, no 32 Salón de Gourmets. Dito concurso consolídase ano a ano como o máis importante dos celebrados en España debido ao número de mostras presentadas e onde os queixos artesáns representan máis dun 70%. Nesta edición o total de mostras presentadas foi de 725, dos cales 55 queixos procedían de Galicia.

BREVES

Obras no Cantón

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, avanzou en Melide que as obras de posta en valor do Cantón de San Roque e a avenida de Lugo estarán rematadas este ano. Trátase dunha actuación que se inscribe dentro do Plan Hurbe e que conta cun orzamento de máis de 300.000 euros, que servirán para revitalizar o corazón do núcleo urbano de Melide e a principal arteria da vila, como é a Avenida de Lugo. Por outra banda, remataron xa as obras na zona do Grupo Sindical, preto do campo da feira, onde se acondicionou o firme e se puxo en marcha un sistema de saneamento. Neste caso o orzamento foi de 30.000 euros.

Melloras en Cazallas

Luz verde á obra "Proxecto da senda peonil e mellora da pavimentación das Cazallas" despois dun "arduo proceso administrativo que por dificultades alleas ao Concello de Melide levou máis tempo do establecido", explicou a alcaldesa de Melide. O proxecto, que foi adxudicado "á sexta empresa de corenta que había", ten un orzamento de licitación de 106.947, 24 euros e servirá para mellorar a pista de acceso ao núcleo das Cazallas pola marxe dereita da AC-840 en dirección A Coruña, xunto co acondicionamento do viario no lugar de Castro e Cabanelas. Ao mesmo tempo, dotarase dunha senda peonil a zona.

Piscinas exteriores

Os veciños de Melide poderán utilizar de balde este verán as piscinas exteriores da área de lecer do río Furelos, en virtude dunha prórroga da gratuidade de uso que o goberno municipal vén de acordar. Salvo que unha hipotética situación de mal tempo aconsellase o contrario, as piscinas abrirán ao público dende o 15 de xuño ata o 30 de setembro, en horario de 12.00 a 20.00 horas. A medida forma parte do plan integral para a mellora da área de lecer do río Furelos despois da recomendación de varios informes de absterse do baño na praia fluvial. En relación a isto, dende o goberno local realizarán análises semanais para comprobar a calidade das augas do río.

Noite de San Xoán

O Concello de Melide puxo a disposición dos veciños un modelo de solicitude que todas as persoas que desexen organizar unha fogueira na noite de San Xoán deberán cumprimentar e entregar no Concello. As solicitudes teñen por obxecto contar cun rexistro de lumes a fin de ter un control de seguridade sobre os mesmos e poder previr así calquera situación de perigo. O modelo de solicitude pode recollerse nas dependencias municipais ou descargarse da propia páxina web e deberá entregarse antes do xoves 21 de xuño ás 14.00 horas. Na solicitude tamén se recollen unha serie de consellos e medidas a ter en conta esa noite.

Axuda no Fogar

A alcaldesa de Melide, Dalia García, mantivo unha reunión co conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, para abordar a situación no municipio dos recursos e programas de índole social. O titular autonómico de Política Social lembrou que dende o 2015 incrementouse en máis dun 29% o número de horas de servizo habilitadas para a axuda no fogar en Melide. Este aumento no Servizo de Axuda no Fogar fai posible prestar atención en Melide ao 93% das persoas demandantes do mesmo. O conselleiro de Política Social tamén avanzou que Xunta e Concello traballan nun novo incremento de prazas para a residencia da terceira idade.

Novo premio para o IES

O IES de Melide fíxose co primeiro premio do certame Cooperativismo no ensino, na categoría de actividades cooperativizadas, grazas ao traballo "Asemblea Xeral". Trátase dun concurso da Consellería de Economía, Emprego e Industria dirixido a promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de Educación Infantil, Primaria, Secundaria obrigatoria, Educación Especial, Formación Profesional e de Ensinanzas de Réxime Especial de Galicia. No desenvolvemento destas actuacións os alumnos potencian e propician os valores e principios que inspiran o cooperativismo. Os premios entregaranse o 7 de xullo, coincidindo co Día do Cooperativismo.

O GDR apoiou 15 proxectos no 2017 cunha inversión total de dous millóns

Os compoñentes do GDR Ulla Tambre Mandeo trala celebración da Asemblea Xeral Ordinaria

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla – Tambre - Mandeo, que xestiona as axudas Leader nos concellos da Comarca de Melide, da Comarca de Arzúa e no concello de Vilasantar, celebrou a súa Asemblea Xeral Ordinaria na que deu conta das actividades e do orzamento do GDR.

Nesta cita anual, "na que todos os axentes relevantes do medio rural teñen un espazo para coñecerse e compartir inquedanzas", o GDR presentou a memoria anual de actividades 2017, na que se analizou detalladamente o funcionamento do Grupo durante o primeiro ano de xestión do novo Programa Leader, recollendo os principais indicadores cuantitativos e cualitativos.

Deste xeito, o presidente do GDR, Ovidio Leiva, presentou con "orgullo" os principais resultados entre os que destaca o reparto practicamente na súa totalidade dos 741.500 euros que tiña dispoñibles. A renuncia dun proxecto no último momento impediu que a execución fose do 100%.

En total no 2017 concedéronse 15 subvencións, 10 delas a empresas (6 dedicadas a ampliacións e 4 a nova creación), o que supón unha inversión total de 2.000.000 de euros no conxunto dos concellos. A publicación na que se resumen todos os logros do GDR está dispoñible para calquera persoa que a solicite na sede da asociación.

Novas asociacións

Por outra banda, durante a reunión da Xunta Directiva deuse entrada a tres novas asociacións no GDR, sumando na actualidade un total de 66 colectivos. As tres entidades son: Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio á Integración das comarcas de Arzúa e Melide, Amarai, con sede en Arzúa e que ten como obxectivo conseguir a plena inclusión de persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade. Asociación Raíña Paraíso con sede en Vilasantar, e que ten como obxectivo a integración e formación socio-laboral de persoas en situación de exclusión social, e que actualmente xestionala Escola de Agricultura Ecolóxica de Vilasantar. E finalmente, a Asociación Axóuxere, que ten entre os seus fins a difusión cultural en Vilasantar, la integración socio-laboral e a promoción da igualdade de oportunidades das mulleres.

En canto ás medidas de difusión e promoción, a Xunta Directiva do Grupo decidiu colaborar coa Consellería de Medio Rural para a celebración dun "Encontro Leader Galicia" que se celebrará este ano no territorio do Ulla – Tambre – Mandeo, e no que se darán cita todos os Grupos de Desenvolvemento Rural galegos para amosar o traballo realizado durante este primeiro ano e medio do novo Programa Leader.

Este evento dá continuidade á cita anual de emprendedores Leader que o GDR Ulla - Tambre - Mandeo celebra cada ao no mes de decembro dende o ano 2012, e que serve de debate e reflexión sobre as necesidades e potencialidades do medio rural.

Por último, o GDR despediuse da actual composición da Xunta Directiva tralo acordo de celebrar eleccións ao órgano directivo na seguinte asemblea que se celebre, tal e como fixan os estatutos.

O Concello de Toques organiza visitas guiadas pola Capela de San Antolín

Durante as fins de semana dos meses de xuño, xullo e agosto a Capela de San Antolín, ubicada na Parroquia de Santa María da Capela, no concello de Toques, abrirá as súas portas ao público. A través desta iniciativa os visitantes poderán visitar o seu interior e admirar as pinturas murais do século XV ou a imaxe do Calvario do século XII coas explicacións oportunas a cargo dun especialista en Historia e Arte.

A Capela, que contén nas súas fachadas vestixios de Arte pre-románico, terá o seguinte horario de apertura durante os meses de verán: sábados de 11h. a 13h. e de 17h. a 20h; e domingos de 11h. a 13h.

Para solicitar máis información as persoas interesadas poderán chamar aos seguintes números: 675 457 934 / 629 869 923. Esta actividade dinamizadora está organizada e promovida polo Arciprestazgo de Abeancos (Unidade Pastoral Nº 3), a Diócese de Lugo e o Concello de Toques.

Exterior da Capela de San Antolín no concello de Toques

Selar a acreditación

Por outra banda, cabe destacar que os peregrinos que pasan pola ruta do Camiño Primitivo poderán selar a súa acreditación en Villamor. Esta iniciativa, que xa está en marcha, trata de dar servizo á ruta de peregrinación a Santiago ao seu paso polo concello de Toques. Os peregrinos poderán selar a acreditación na igrexa parroquial de San Etevo de Villamor (Villamor de Arriba), en horario de luns a venres de 9 a 14 horas. Con este horario preténdese dar servizo nun tramo do día no que transitan o maior número de peregrinos.

O Plan Único da Deputación investiu 764.000 euros en Toques en dous anos

Reunión entre o presidente da Deputación e o alcalde de Toques

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, recibiu no seu despacho ao alcalde de Toques, Miguel Buján, co que abordou diversos temas de interese para o municipio.

González Formoso e Buján analizaron os resultados do Plan Único, que nos dous anos que leva en funcionamento permitiu investimentos por importe de 764.000 euros no municipio, que se destinan fundamentalmente á mellora de núcleos e camiños municipais.

O rexedor municipal interesouse tamén polo proxecto de renovación da travesía de Souto, que a Deputación vén de aprobar no pasado mes de abril e espera ter en marcha antes de que remate este ano.

Máis de 181.000 euros para a conservación das estradas na comarca

A Deputación da Coruña abriu o pasado mes de maio o proceso de licitación da primeira fase do Plan de conservación de vías provinciais para o 2018, dotado cun orzamento de 7.799.835 euros.

Este programa contempla a execución de traballos de mantemento, mellora do firme e reparación de fochancas nos máis de 2.000 quilómetros de estradas cos que conta a rede viaria da Deputación. Todas as actuacións están destinadas a mellorar as condicións de circulación, aumentar a seguridade viaria e a reducir os sinistros.

Esta primeira fase do Plan de conservación de vías provinciais suporá un investimento de 181.258,13 euros nos concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques.

Ademais do Plan de conservación, o servizo de Vías e Obras da Deputación ten en marcha un programa destinado exclusivamente á roza e limpeza das marxes das estradas provinciais, dotado con 4 millóns de euros para o período 2017-2018.

Aberto o prazo para participar nos campamentos da Deputación

Os concellos da Comarca teñen aberto o prazo ata o 15 de xuño para participar nos campamentos deportivos de verán que oferta a Deputación da Coruña. As actividades terán lugar nas instalacións do centro Calvo Sotelo, na Coruña, e están dirixidas a rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 9 e 14 anos. Os participantes terán que estar empadroados nos concellos da provincia da Coruña. Dentro das actividades que se levarán a cabo destacan as de carácter náutico, equitación, tenis, sendeirismo, fútbol, tenis, voleibol praia, ect. A quenda que lle corresponde aos rapaces da comarca é a que abrangue do 8 ao 13 de xullo. Para inscricións e para máis información os interesados poden poñerse en contacto cos respectivos Concellos. No caso de existir máis inscricións que prazas realizarase un sorteo.

A tempada de caza comezará o 1 de agosto e rematará o 31 de xullo de 2019

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou xa no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución pola que se determinan as datas para a tempada de caza 2018-2019, así como as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies. Deste xeito, a nova tempada de caza abarcará o período comprendido entre o 1 de agosto e o 31 de xullo do vindeiro ano.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural establece como período hábil para exercer esta práctica, válido con carácter xeral, dende o 21 de outubro de 2018 ata o 6 de xaneiro de 2019, considerándose días hábiles de caza, con carácter xeral, os xoves, domingos e festivos de carácter estatal e autonómico; coas excepcións que para cada especie se especifiquen na resolución.

Unha das novidades que recolle a nova tempada de caza é que se amplía o período hábil para a captura de xabaril, respecto da tempada anterior, ao concluír o 3 de febreiro de 2019; mentres que na tempada anterior rematou o 14 de xaneiro de 2018.

Outra das novidades que se recolle é a normalización dun total de 15 procedementos administrativos recollidos na resolución. A finalidade é axilizar a tramitación, así como a comunicación aos solicitantes.

Preferiblemente, as solicitudes presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta.

Andaina pola ribeira do Ulla en Santiso

A campaña Goza do Ulla 2018 xa está en marcha, e é que os concellos polos que discorre o río Ulla, entre eles o de Santiso, teñen preparadas unha vintena de rutas pola ribeira do río de cara á tempada estival. As primeiras andainas xa tiveron lugar nos concellos de Monterroso, Palas, Boqueixón, Dodro e Vilagarcía de Arousa, mentres que as seguintes levaranse a cabo os vindeiros 1 de xullo no municipio de Antas de Ulla, 5 de agosto en Vedra, 11 de agosto en Agolada, o 1 de setembro na Estrada, 8 e 9 de setembro en Valga e Pontecesures, o 15 en Teo, o 22 en Silleda, en Arzúa e Catoira o 29 e 30 de setembro e, finalmente, en Padrón, Rianxo, **Santiso**, Touro e Vila de Cruces os 6, 13, **20**,27 e 28 **de outubro**. As persoas interesadas en participar ou en recibir máis información poderán solicitala nos propios concellos e tamén no enderezo electrónico: gozadoulla@gmail.com.

Distancias de plantación en Sobrado

O Concello de Sobrado prepara para o **xoves 21 de xuño** unha reunión informativa sobre as distancias de plantacións e cortas. A reunión terá lugar no pavillón polideportivo municipal ás 20.00 horas. Igualmente, o vindeiro **martes 26 de xuño** levarase a cabo unha nova recollida de plásticos derivados da actividade agrícola. Para solicitar esta recollida é necesario anoatarse no Concello (981 787 508) ata o **luns 25 de xuño**. Os plásticos deberán depositarse limpos e atados.

Talleres Leiva, s.l.u.

SERVICIO OFICIAL SEAT

- Recogida y entrega a domicilio
- Vehículo de cortesía
- Recambios y accesorios originales SEAT
- Taller de mecánica y electricidad
- Taller de chapa y pintura
- Neumáticos

SEAT

Tels: 981 50 52 11
981 50 75 90
E-mail: talleresleiva@telefonica.net
taller@talleresleiva.seat

Talleres Leiva s.l.u.
Ctra. de Lugo, km. 45,5
Madanela - 15800 Melide (A Coruña)
www.talleresleiva.seat.es

CLINICA VETERINARIA

AGARIMOS

María A. Barrio Gómez - (Leiva)

Todo lo que necesita para sus animales de compañía

Tfnos.: 981 507 311 - **617 473 730 (urgencias 24 horas)**
Rúa Curros Enríquez, 30 B. - 15800 MELIDE (A Coruña)

Floristería Tarrío
Melide
• Produtor de toda clase de flores
• Tamén preparamos:
ramos de noiva, ramos,
palmas, centros, coroas, etc..
• Estamos ao seu servizo en:
R/ Amador Rodríguez, 7
Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
666 49 38 49 / 666 49 38 50
Flor 10
Teleflora

EL ESPIÑO
CONSTRUCCIÓN.PROMOCIÓN.REHABILITACIÓN
ARQUITECTURA.DECORACIÓN.OBRA CIVIL.DISEÑO
C/Concepción Arenal 5, bajo,
15800 MELIDE (A CORUÑA)
Telf./Fax: 981 507 729
E-mail: m.espino@construccionesespino.com

SU VIVIENDA NUEVA

DE 2, 3 Y 4 DORMITORIOS
GRANDES DESCUENTOS
POR INICIO DE COMERCIALIZACIÓN
CONSTRUCCIONES
Pichel Anos. s.l.
Tfnos.: 986 780 759 - 981 507 406

Excavaciones
PARADELA, s.l.

Tfno.: 981 50 55 92
607 19 95 82
Ribeiro - Melide (A Coruña)

Recambios VULCANO

Tfnos.: 981 506 218
637 210 110
677 409 007

Avda. de Lugo, 99
15800 MELIDE
(A Coruña)

recambiosvulcano@gmail.com

- Recambios agrícola, camión, vehículo, industrial
- Hacemos todo tipo de latiguillos hidráulicos
- Distribuidores Husqvarna

VERÁN EDUCA MELIDE

TALLERES INFORMÁTICA
do 2 de Xullo
ao 31 Xullo
(16:00h a 20:00h)

- Obtén o teu pasaporte con compras superiores a 10 euros
- Completa o teu pasaporte
- Reserva a túa praza e... participa nas actividades!!
- Máis info en Asetem (981 50 61 88)

CUIDE A SU CLIENTE, EVITE SANCIONES.

- Control de plagas
- Formación Manipulación Alimentos
- Campaña 2017 de Legionella
- Gestión de alérgenos
- APPCC

Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
www.plagostel.com

698 179 968

DUSA
para su vivenda o negocio

Ancéis, 34.
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com
www.dusagalicia.com

Elaborados Metálicos

Estructuras - Naves - Escaleras - Caldelería - Entreplantas

Mingos de Pita, Premio Terra de Melide á Defensa do Idioma 2018

Familiares, amigos, convidados e tamén o grupo de gaitas Froito Novo ao remate do acto

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Terra de Melide entregou o pasado 8 de xuño o Premio Terra de Melide á Defensa do Idioma a Xosé Domingos Fuciños Gómez, máis coñecido como Mingos de Pita, a título póstumo.

Foi un acto moi emotivo, cargado de sentimentos, palabras de agarimo e por suposto música para render homenaxe a un dos persoeiros máis comprometidos non só coa lingua galega senón tamén coa cultura e a música da Terra de Melide.

Marga Quintela, do Servizo de Normalización Lingüística, foi a encargada de conducir o acto e darlle paso aos convidados que, sobre o escenario da Casa da Cultura de Melide, quixeron render homenaxe a súa figura.

"Recoñecemos hoxe o labor de Mingos de Pita que se traduciu en amor á lingua, ao noso país, á Terra de Melide e tamén como non a unha linguaxe moi especial que el amaba e que era a música, á que sempre estivo moi vencellado", comezou Marga. E así foi, con música e a interpretación de varias pezas por parte de Mero, un dos fundadores do mítico grupo Fuxan os Ventos, pero neste caso en calidade de amigo persoal de Mingos, como arrancou o acto.

Trala súa actuación os presentes na Casa da Cultura, entre os que se atopaban as fillas de Mingos ademais de outros familiares e numerosos amigos, escoitaron as verbas que cada un dos convidados dedicou ao homenaxeado.

Un por un, tanto o escritor Darío Xohán Cabana como o seu amigo Xosé Inacio Parrado, así como os distintos representantes dos Concellos da Terra de Melide e o vicepresidente da Asociación Cultural Terra de Melide, amigo e representante dos centros de ensino, Manuel Souto Vázquez, foron destacando as calidades e o inmenso legado que Mingos de Pita deixou en toda a comarca.

"Mingos foi fraternidade e irmandade" e "este é un premio máis que merecido" foron as palabras que máis se repetiron no discurso de cada un dos convidados, sen esquecer a súa enorme valía como referente histórico, político, cultural e musical ou o seu importante labor de recollida e arquivo histórico así como a contribución á creación e fundación de asociacións culturais e grupos musicais.

Susana Varela, vicepresidenta da Asociación O Noso Lar e último premio Terra de Melide, foi a encargada de entregar o premio ás fillas de Mingos que, especialmente emocionadas, agradeceron o recoñecemento e lembraron o amor de seu pai "pola lingua, pola terra e pola música". O acto rematou coa actuación do grupo de gaitas Froito Novo interpretando o himno galego.

O Premio Terra de Melide á Defensa do idioma pretende ser un recoñecemento público ao traballo dunha persoa, colectivo ou entidade que se distinga polo uso e defensa do galego. En edicións pasadas foron premiados o Museo da Terra de Melide, a Asociación Cultural O Castelo e o profesor Paco Veiga entre outros.

Solidariedade e deporte na VI edición da Media Maratón "Os 21 do Camiño"

Éxito de participación antes mesmo de disputarse. Así podería definirse a sexta edición da Media Maratón "Os 21 do Camiño" que se vai celebrar o sábado 16 de xuño. Un ano máis a organización colga o cartel de completo en canto a número de inscritos, e iso que este ano aumentaron en 50 as prazas, pasando así a un total de 750 participantes na carreira. Entre eles, recoñecidos deportistas no mundo do running como Lolo Penas, Elías González, Akka Essaadaoui, Nino Saavedra ou María Jesús Gestido.

Membros da Asociación Deportiva Cerne, a alcaldesa de Melide e o alcalde de Palas durante a presentación da proba

Coa inscrición pechada un mes antes da proba ponse de manifesto que o interese por esta media maratón medra ano tras ano, e mesmo no ámbito feminino. "Aumentamos o límite de inscritos en 50 persoas e aínda así quedou moita xente fóra", explicaron dende a Asociación Cerne; "ademais, ano a ano vai medrando a participación das mulleres, que nesta edición é de entre o 20 e o 30 %", engadiron. Ao mesmo tempo, aclararon que "para cubrir todas as demandas estaría ben que a proba tivese preto de 1.000 dorsais, pero cremos que con esa cantidade de corredores masificaríamos o Camiño de Santiago e non sería cómodo para os peregrinos nin tampouco para os corredores". Agárdanse participantes chegados de diferentes puntos de Galicia pero tamén doutras comunidades como o País Vasco, Asturias, Madrid e mesmo do país veciño Portugal.

En canto á proba, o percorrido será o mesmo que en anos anteriores; 21 quilómetros que partirán do Concello de Palas de Rei ata chegar ao Cantón de San Roque en Melide transcorrendo a maior parte do trazado polo Camiño de Santiago que une ambas localidades.

Pola súa parte, un cento de voluntarios supervisarán e coordinarán coa organización que todo estea en perfectas condicións para os corredores.

A principal novidade deste ano será a recollida solidaria dos tapóns de plástico das bebidas que se lles entreguen aos corredores, e que posteriormente serán doados á Asociación Tapones Solidarios para as súas causas benéficas.

Cabe destacar que a Media Maratón "Os 21 do Camiño" foi premiada por terceiro ano consecutivo como a Mellor Media Maratón de España grazas á beleza do seu trazado e a súa excelente organización.

A sexta edición do **Festival Motorock Milli-Riders** chega a Melide os días 29 e 30 de xuño e 1 de xullo. Coa actuación estelar do grupo Mago de Oz, espérase que a concentración moteira atraia á vila a centos de persoas durante toda a fin de semana, que ademais da música poderán gozar de diferentes actividades. As inscricións no evento poden facerse ata o 22 de xuño.

Unha moza de Melide, terceiro premio no concurso "Donas"



1º premio na categoría de 12 a 14 anos

A moza melidense Teresa Ron Casal fíxose co terceiro premio da novena edición do concurso de viñetas *"Donas", Mulleres na Historia de Galicia* da área de Igualdade da Deputación da Coruña. A obra presentada dentro da categoría de 12 a 14 anos leva por título *Elas abriron camiño* e, ao igual que as viñetas restantes, retrata a esas mulleres loitadoras e heroínas que foron esquecidas pola historia. *As Schindler galegas*, a *Revolta das Pedradas* ou as *Heroínas da Terra* son algunhas das protagonistas das viñetas gañadoras deste concurso que a área de Igualdade da Deputación convocou co obxectivo de animar á poboación adolescente a reflexionar sobre as mulleres na historia galega. Na categoría de 12 a 14 anos os restantes premios foron para *Heroínas da terra*, de Raquel González Calvo como primeiro premio, e para *As Schindler galegas*, de Paula María Tábara Casaña como segundo premio, ambas mozas procedentes da Coruña.

Homenaxe a *Mingos de Pita* coa obra *Requiem por un Gaiteiro*

O Museo da Terra de Melide prepara para o domingo 24 de xuño ás 20.00 horas a estrea na Casa da Cultura de Melide da obra *Requiem por un Gaiteiro*. Trátase dunha homenaxe a Mingos de Pita con música composta por Fernando V. Arias sobre un texto de Xosé Manuel Broz. A obra, dirixida tamén por Fernando V. Arias, será interpretada pola Coral Polifónica Follas Novas, Ensemble do Camiño e Anna Mirzoyan. Xa como solistas convidados contarase coa presenza de Susana García, Lucía Iglesias, Irene Zas, Daniel Canosa, Alejandro Baliñas e Manuel Varela, este último gaiteiro e alumno de Mingos de Pita. A estrea dividirase en dúas partes nas que ademais desta obra soarán diferentes pezas.

O antigo Reino de Galicia, a túa música,
o libro Terra de Melide, a túa lectura,
os feitos da nosa historia, a túa escritura,
a sabedoría desta Terra, a túa cultura.

Organiza: Museo da Terra de Melide · Patrocina: Deputación da Coruña · Colabora: Concello de Melide

Melide celebrou o Corpus con motivos sobre o Camiño

Os veciños de Melide engalanaron un ano máis a praza do Convento e as rúas próximas con mantos florais para celebrar o día de Corpus. Este ano os principais motivos que se representaron nas alfombras foron unha serie de figuras xeométricas relixiosas relacionadas coa temática do Camiño de Santiago, principal motor cultural e económico da vila. Dende o Concello de Melide agradeceron a gran colaboración recibida por parte de todos os veciños e persoal do propio Concello no arduo traballo de elaboración.

A festa da terceira idade reuniu a máis de 900 persoas

Máis de 900 persoas participaron na comida de confraternidade que organizou o Concello de Melide para os maiores da vila e dos concellos limítrofes. Os asistentes acudiron a unha misa solemne na igrexa parroquial de Melide e a continuación compartiron xantar e baile no Palacio de Congresos da vila. Durante o transcurso desta xornada, María Barreiro, veciña de Maceda e coñecida como a avoa de Melide, celebrou o seu 105 aniversario, idade que cumprirá a finais deste mes de xuño, cando se lle fará unha homenaxe especial.

IV Exposición de Cans de Caza Terra de Melide

O domingo 17 de xuño celebrarase en Melide a IV Exposición de Cans de Caza Terra de Melide, que este ano contará como novidade principal co VIII Concurso Monográfico do Club de Beagle, Beagle – Harrier. A exposición terá lugar no Palacio de Congresos e entregaranse diferentes premios a categorías como a de mellor gaiola, mellor "rehala", mellor camada e mellor exemplar de cada raza. Cada ano por estas datas a exposición de Cans de Caza Terra de Melide adoita reunir a centos de persoas na vila para admirar estes animais.

Foto: Turismo Melide

Aberto o prazo para anotarse nos campamentos urbanos de verán

Ata o luns 18 de xuño está aberto o prazo para inscribirse e poder participar nos campamentos urbanos do Concello de Melide, que perseguen o obxectivo de facilitar a conciliación laboral e familiar durante os meses de verán mentres os cativos gozan das vacacións escolares. Haberá dúas alternativas diferentes: o "Verán de aventuras" para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e 15 anos onde se traballará especialmente a creatividade dos cativos; e "un campus deportivo" para nenos e nenas de 8 a 15 anos. Os campamentos comezarán o luns 25 de xuño e rematarán o 10 de agosto, ámbolos dous días incluídos en horario de mañá dende as 8.45horas e ata as 14.15horas de luns a venres, a excepción do 29 de xuño, día de San Pedro e o 16 de xullo, día do Carme, festivos locais en Melide. A actividade levarase a cabo no pavillón polideportivo do CEIP Número 1 de Melide. As persoas interesadas en realizar a inscrición poden achegarse ao Concello de Melide para realizar o trámite.

Campamento urbano do verán pasado

Breves

A terceira edición do **Torneo de Tenis de mesa** do concello de Toques foi menos numerosa en canto a participación, pero máis dinámica para os presentes, xa que durante dúas horas case non houbo tempo a descansar. Deste xeito, foron tres os participantes en categoría infantil e oito en categoría senior. Todos os participantes levaron consigo un regalo, e un premio en forma de medalla ou trofeo para os finalistas. Ademáis fíxose un sorteo de material deportivo específico e non faltaron ricos e amendoados para "endulzar" a tarde.

O IES de Melide, en colaboración co Concello, celebrou un ano máis o **Corremelide**, unha actividade lúdico-deportiva que ademais de ser unha carreira en defensa da lingua galega serve para despedir o curso. Nesta edición participaron os escolares do instituto e dos colexios de Melide, así como tamén doutros centros da comarca e arredores. Antes de comezar, os escolares leron un manifesto e acto seguido os participantes, divididos en diferentes categorías, percorreron as principais rúas da zona histórica de Melide.

Os Concellos da comarca clausuraron as **escolas deportivas** con diferentes actividades e demostracións do traballo realizado ao longo de todo este curso escolar. No caso de Melide, o pavillón de deportes e a Casa da Cultura foron os escenarios elixidos para organizar as exhibicións de despedida. Ademais, o vindeiro 17 de xuño o alumnado da escola de Teatro municipal interpretará unha obra na Casa da Cultura e, do 22 ao 29 de xuño, poderá visitarse unha exposición coas fotografías realizadas polos alumnos desta escola.

Os recentemente renovados **pavillóns de deporte de Visantoña e Arcediago**, no concello de Santiso, contan dende hai unhas semanas cun mural pintado polo recoñecido artista Brais. O graffiti recolle "con moito acerto e bo facer un lema que fala precisamente do compromiso dos veciños e veciñas coa cultura e co deporte; ámbitos que son parte das señas de identidade do municipio e das súas xentes", explicaron dende o Concello.

140 Aniversario da Banda de Música de Visantoña

CAPÍTULO VI - Dedicado a Uxío Pazos Pintor

Xosé Núñez, escritor e Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña

Con este capítulo VI remata a serie de relatos que viñemos publicando sobre o 140 aniversario da Banda-Escola de Música de Visantoña, os cales tiveron como principais obxectivos os seguintes: primeiro explicar o porqué foi posible manter viva ininterrompidamente a Banda-Escola tanto tempo, dada a grande e constante precariedade económica pola que tivo que pasar; e segundo, eloxiar o verdadeiro esforzo de cantos exerceron como directores durante longas tempadas, e que o fixeron máis por sentir a música e para que a banda puidese seguir adiante, que por ningún beneficio de tipo económico. Este foi o caso de Uxío Pazos Pintor, de cuxa traxectoria como director a partir do ano 1994, e durante 15 anos, tratamos a continuación.

Xa no ano 1992 Uxío Pazos sendo un compoñente máis da Banda de Música que dirixía seu avó, Eugenio Pazos Reyes, foi contratado pola Xunta de Galicia con motivo da celebración do Ano Santo Compostelán para que, xunto a outras persoas, dinamizase os pobos polos que pasa o Camiño de Santiago realizando actividades lúdicas por medio de agrupacións de canto, grupos de gaitas, teatro, etc.

E como esta circunstancia fixo pensar a Uxío que Visantoña ben se merecía contar cunha coral polifónica, propúxollo a este servidor, quen por entón era o presidente da Asociación Cultural Banda-Escola de Visantoña. Dita proposta foi celebrada polo presidente, pero este preguntoulle a Uxío quen ía ser o director. Contestou que podería ser el mesmo e que tamén sería el quen realizase os ensaios necesarios.

De inmediato comezamos a recrutar xente de Visantoña e comarca, sendo abraiante a resposta da xente invitada ata o punto de poder contar con persoas con idades dende os 8 aos 65 anos. Seguidamente foron iniciados os ensaios no Centro Parroquial de Visantoña.

Tan só tres meses despois foi presentada a coral polifónica nun concerto celebrado o 26 de agosto de 1993 na sala de festas de Xosé Ayude Curros "Kubala" cun cheo total, e en cuxo acto tamén actuou a nosa Banda de Música. Os asistentes saíron moi satisfeitos non só polo nivel das actuacións, senón tamén por ser a primeira vez que ouvían cantar unha coral propia. Cabe destacar que Uxío Pazos Pintor tamén dirixiu durante algún tempo a Coral Polifónica de Melide cando xa desaparecera a de Visantoña.

Pero como o que viñemos tratando nesta serie de reportaxes foi a historia dos directores da Banda-Escola de Música de Visantoña de máis longa duración, sendo un deles Uxío Pazos, pasamos a tratar del, deixando á parte outras actividades que tamén levou a cabo, sempre favorecendo a boa marcha da Banda-Escola de Música de Visantoña.

Como xa quedaron expostos no capítulo anterior os motivos polos que Uxío Pazos tivo que relevar na dirección da banda a seu avó, Eugenio Pazos Reyes, a primeiros do ano 1994, e tamén que se levou a cabo este nomeamento co consentimento dos compoñentes da mesma, debemos dicir agora que pouco tempo despois de facerse cargo da batuta encontrouse co problema de que, por desacordos persoais marcháronlle da banda seis ou sete músicos, todos da parroquia de Visantoña.

Uxío seguiu traballando arreo ca Escola de Música para poder seguir repoñendo as baixas sufridas e conseguiu que a Banda de Música mantivese a su categoría, tal e como o demostra o feito de que fose invitada ao concurso de 25 bandas de música, denominado "Con Música Propia", que organizou a TVG, e onde quedou en sexto lugar. Iso valeulle para que fose a dar un concerto á capital ourensá xunto coa nosa coral polifónica.

Posteriormente, o 3 de xullo de 1998 a banda tamén foi invitada a formar parte da VII Convención de Bandas de Música en Salceda de Caselas (Pontevedra), e o día 12 do mesmo mes, a un encontro de bandas de música celebrado en Ponte Ledesma.

Como Uxío Pazos Pintor, ademais de non descoidar para nada os ensaios da banda e coro, e da escola de aprendices en Visantoña, tamén exercía de profesor de clarinete no Conservatorio de Música Profesional de Santiago de Compostela, cando levaba 15 anos de director na banda de Visantoña deixouno para poder dedicarse máis de cheo ao que sempre foi a súa paixón na música, o clarinete.

Como remate desta serie de artigos sobre o 140 aniversario da Banda-Escola de Música de Visantoña paréceme oportuno poñer un exemplo moi curioso do que pode pasar cando non sabemos o **PORQUÉ DAS COUSAS**: "di a historia que nun pequeno pobo había un home moi sabio arredor do cal se reunía a xente de vez en cando para meditar e recibir os seus consellos. Un día apareceu un gato que comezou a pasearse polo local onde facían as reunións. Era un gato moi xoguetón e non os deixaba concentrarse, así que o sabio pediu que alguén atase ao gato durante o encontro. Parece ser que ao gato lle gustaba participar a súa maneira, pois a partir dese día sempre aparecía cando se reunían, e tal e como fixeran o primeiro día, volvíano a atar. Os anos foron pasando e un día o sabio do pobo faleceu. Todo o mundo estivo moi triste e gardáronlle loito, pero seguiron celebrando as reunións, agora dirixidas polos seus discípulos, e intentando manter vivo o espírito do seu mestre. Seguiron pasando os anos e os encontros mantivéronse case igual. Meditaban tal e como o mestre lles ensinara e intentaban manter todo o que aprenderan del. Pola súa parte, o gato seguía aparecendo e continuaba sendo atado. Ata que un día o gato tamén morreu, e entón buscaron outro gato para poder atalo durante as reunións".

LECCIÓN: Isto amosa moi claramente o que sucede cando non coñecemos o **porqué das cousas**; acabámolas facendo sen sentido.

Levan a escena o repertorio musical do libro Terra de Melide

Os alumnos de Herba Grileira foron os encargados de poñerlle voz, música e rostro ás pezas recollidas neste exemplar

Sobre o escenario da Casa da Cultura de Melide puideron escoitarse diferentes pasaxes do libro Terra de Melide a cargo do alumnado da escola de Herba Grileira, caracterizado para a ocasión

A Asociación Cultural Herba Grileira levou a escena o pasado 26 de maio parte do repertorio musical contido no libro Terra de Melide, publicado no ano 1933 polo Seminario de Estudos Galegos.

Romances, alalás, carballesas ou muiñeiras recollidas na comarca melidá a principios do século pasado por persoeiros da talla de Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Florentino López Cuevillas cobraron vida no transcurso dunha gala celebrada na Casa da Cultura de Melide.

Con esta proposta cultural Herba Grileira quixo sumarse ás iniciativas desenvolvidas ultimamente para poñer en valor e difundir o Terra de Melide, un volume transcendental para a comarca que foi reimpreso recentemente, 40 anos despois da última edición, grazas ao empuxe de diferentes asociacións e persoas da vila.

A través dunha escolla feita sobre o amplo repertorio contido no libro, Herba Grileira quixo achegarlle ao público as pezas que tocaban, cantaban e bailaban os antepasados da bisbarra aló por principios do século XX. Ao mesmo tempo a asociación buscou dignificar todo ese legado mostrándoo enriba dun escenario.

Repertorio orixinal cunha visión particular

Na posta en escena do Terra de Melide participou parte do alumnado adulto da escola de Herba Grileira, que foi o encargado de poñerlle voz, música e rostro a un repertorio moi variado composto por cantigas de berce, alalás, parrafeos, pandeiradas, carballesas, xotas e muiñeiras. Coa intención de trasladar ao público no tempo, os artistas vestiron roupa de época e a gala contivo pasaxes teatralizadas sobre escenas cotiás daquel entón.

No deseño da gala Herba Grileira intentou ser o máis fiel posible á información recollida no libro, tanto no que se refire a letras como a partituras ou descricións adicionais. Con todo, a asociación melidá permitiuse a liberdade de reinterpretar e aportar unha visión propia do repertorio orixinal a través da música e do baile.

A gala contou coa participación do mestre Paco Veiga, que fixo unha intervención explicativa e divulgativa sobre o Terra de Melide, o seu contexto histórico e a significación desta obra na comarca.

O evento, denominado gala do folclore da Terra de Melide, congregou na Casa da Cultura a centos de persoas que non quixeron perder detalle desta peculiar revisión musical do libro Terra de Melide.

"O Concello de Melide mente sobre a calidade da auga do Furelos poñendo en risco a saúde dos bañistas"

Asociación Veciñal Melidá

A Dirección Xeral de Saúde Pública, dependente da Consellaría de Sanidade, contestou recentemente o escrito presentado pola Asociación Veciñal Melidá no que se lle interpelaba para saber se o Concello de Melide fora informado sobre a calidade das augas da praia fluvial de Furelos nos anos 2017 e 2018.

A contestación, con data do 6 de xuño de 2018 e asinada polo director xeral de Saúde Pública, Andrés Paz-Ares Rodríguez, é taxativa: *"Os días 04/05/2018 e 08/05/2017 dende a Xefatura territorial de Sanidade da Coruña informóuselle por escrito ao concello de Melide que existía nese concello unha zona de baño denominada Praia Fluvial Río Furelos con clasificación sanitaria insuficiente e que co fin de dar cumprimento ao establecido no Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño debería advertirse aos bañistas da calidade insuficiente das augas de baño e da prohibición ou recomendación de absterse do baño para evitar a exposición dos bañistas á contaminación con carteis na zona de baño".*

Sen embargo, a pesares da notificación oficial, no verán de 2017 o Concello de Melide puxo carteis anunciando que a calidade das augas da praia fluvial de Furelos era suficiente, mentindo ao pobo de Melide e poñendo en risco a saúde dos centos de persoas que se bañaron no Furelos ese ano.

Para a Asociación Veciñal Melidá, a alcaldesa Dalia García Couso, xunto coas persoas responsables do seu equipo de goberno desta campaña de desinformación e mentiras, poderían ter cometido, presuntamente, un delito de prevaricación. Sen ir máis lonxe, o artigo 404 do Código Penal dispón que *"á autoridade ou funcionario público que, a sabendas da súa inxustiza, ditase unha resolución arbitraria nun asunto administrativo castigaráselle coa pena de inhabilitación especial para o emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo..."*. E agora, trala contestación da Dirección Xeral de Saúde Pública, queda probado que o Concello de Melide sabía que a calidade da auga do Furelos era insuficiente e que debería telo publicitado, desaconsellando o baño. Como ben sabemos, ignorou a segunda das obrigas e, na primeira, mentiu directamente.

Á Asociación Veciñal Melidá non lle corresponde pedir responsabilidades políticas, pero como colectivo que representa os intereses da veciñanza esiximos que o Concello de Melide cumpra estritamente co Real Decreto 1341/2007 e informe debidamente da calidade insuficiente das augas da praia fluvial de Furelos, declarándoa zona non apta para o baño, e tomando as medidas pertinentes para detectar e rematar cos focos responsables da contaminación.

Praia fluvial de Furelos

No pleno do 7 de xuño, e tras las denuncias da Asociación Veciñal Melidá e dos partidos políticos da oposición, a alcaldesa, Dalia García Couso, comprometeuse a facer todo isto.

Dende a AVM, estaremos vixiantes de que o goberno melidense cumpra coas súas obrigas. Neste senso, dende a AVM queremos recordarlle ao Concello de Melide que a contaminación e estado sanitario deplorable do río Furelos intensifícanse augas abaixo da praia fluvial, especialmente polos vertidos sen tratar do polígono industrial da Madanela, problema que levamos padecendo moitos anos sen que o equipo de goberno levase a cabo acción algunha para tratar de solucionalo. Por iso, agardamos que nos estudos científicos sobre a contaminación do Furelos que anunciou a alcaldesa, se inclúa a totalidade do tramo fluvial no municipio melidense e os posibles vertidos augas arriba no veciño Toques. O río Furelos é un patrimonio de valor incalculable do que debemos gozar todos e todas as melidenses, tanto no presente como as xeracións futuras, e o deber do concello de Melide é velar pola súa protección e conservación para que iso sexa posible.

Que é a meditación?

Ángel Curtis

A meditación é unha técnica, un método, unha práctica sistemática para adestrar a mente, unha ferramenta que serve para o noso desenvolvemento persoal e mellorar a saúde física, mental e espiritual. A través dela realizamos unha peregrinación ao noso mundo interior, encontrando así a paz e ao noso verdadeiro eu. Sócrates dicía: "coñécete a ti mesmo", a iso nos conduce a meditación.

Coa meditación experimentamos estados de conciencia máis tranquilos e serenos, aquietamos a mente, calmámola e silenciámola.

O primeiro que fai a meditación é facerche perder o medo á reputación. Sucede porque estás tranquilo contigo mesmo, os demais poden pensar de ti o que queiran, xa non che importa, dese modo empezas a recorrer o camiño da túa propia liberdade, aprendes a superar moitos prexuízos e condicionamentos sociais. Outra das moitas cousas que aprendemos é a de perderlle o medo á morte tal e como nola ensinan a ver e interpretar no noso contexto cultural. Ese medo á morte vai desaparecendo cando coñeces o teu verdadeiro ser, iso ao que os científicos chaman "o campo unificado", os místicos "espírito", outros "alma", e en resumo a fonte da vida.

Cando un descobre que unha parte de nós pode transcender a mortalidade, que o seu verdadeiro eu pode estar máis alá do tempo e o espazo, é entón cando perdemos o medo ao cambio. Aprendemos que vivir e morrer, por esa razón vivir significa que cada día estamos abandonando todo aquilo ao que nos aferramos.

Unha poesía de William Blake define a meditación de maneira holográfica: "para ver o mundo nun gran de area e o ceo nunha flor silvestre, abarca o infinito na palma da túa man e a eternidade nunha hora".

Os beneficios de meditar son moitos e variados: reduce o estrés, diminúe a presión arterial, normaliza o ritmo cardíaco, mellora a concentración, fortalece o sistema inmunitario, desenvolve a compaixón, o perdón, a gratitude, aumenta a lonxevidade, etc.

A meditación sérvenos para buscar respostas que curan dende o noso mundo interior. O corpo humano é como unha farmacia exquisita da natureza. O noso corpo é capaz de fabricar por si mesmo medicamentos como tranquilizantes, somníferos, antidepresivos e analxésicos entre outros, pero ademais podemos controlar estas substancias sintetizándoas e empregándoas na dose e no momento adecuado para calquera órgano do noso corpo que o necesite. Por esa razón é posible dar unha resposta que cure dende o noso interior e previr así moitas enfermidades utilizando este potencial fisiolóxico, ata hai pouco moi descoñecido.

Durante a meditación pódese cambiar a actividade dos circuítos neurolóxicos grazas á plasticidade e maleabilidade do noso cerebro. Canto máis meditemos mellor nos encontraremos equilibrando e fortalecendo o sistema nervioso central e por extensión o sistema inmunolóxico. Sucede así porque o noso cerebro está programado para o cambio constante. Ao meditar conseguimos una coherencia global no cerebro; este traballa dun modo máis integral e á vez que se expande a nosa consciencia. A través da meditación aprendemos a concentrarnos, focalizar a nosa atención e xestionar mellor as emocións, e diminúe a actividade da nosa amígdala cerebral, que está relacionada co medo e a ira.

Á parte de todo isto, a meditación apórtanos moitos outros beneficios.

Siddharta Gautama, máis coñecido como Buda dixo: "Non hai outro benestar maior que a paz interior".

Jesucristo tamén dixo: "O reino de Dios está dentro de vós".

Calquera destas dúas reflexións invitan á meditación máis transcendental.

ASOCIACIÓN DE TERAPIAS ALTERNATIVAS
Ángel Curtis

Tratamentos e Terapias
Complementarias para
mellorar a saúde.
Acupuntura, Relaxación,
Meditación, Reiki Midfulness.
web: angelcurtis.com
email: angelcurtis981@yahoo.es
Teléfono: 677670051
Tamén en Facebook

SESÉ PACÍN, MEDUSA SHOP

“Un desfile non só é ensinar roupa, é tamén ensinar a nosa personalidade

Vén de participar nun dos eventos máis importantes a nivel Galicia en canto a moda se refire, Miss Grand Galicia, onde ademais de amosar a colección que podemos atopar en Medusa, formou parte do xurado. Unha experiencia que describe como enriquecedora e como unha gran oportunidade para promover e dar a coñecer un estilo diferente. Precisamente iso -marcar tendencia cun estilo diferente e personalidade propia- é o que define o espírito de Medusa Shop dende os seus inicios. Creadora de tendencias, Sesé Pacín recoñece que non foi doado comezar neste mundo, e máis difícil se cabe manterse; non obstante, ten claro que por encima de todo continuará fiel aos principios que no seu día deron orixe a este proxecto.

- Medusa Shop non é unha tenda máis. Que significa para vostede?
- Sesé Pacín (S.P.): Medusa para min significa crear tendencia, cada un a súa.

- Nas súas palabras, que diría que ten de particular?
- S.P.: Pois que é unha tenda diferente, chea de cor, de vida, de luz. Chea de personalidade, de orixinalidade, de combinacións persoais. Medusa é buscar a alternativa “a”. Saír dos estereotipos, saír do habitual, pero tamén sen saírse do normal. Que cando saias á rúa sexas diferente e, por suposto, que ti sexas a túa mesma beleza, que non sexas a beleza de ninguén, de ningunha casa, de ningunha firma. E outra cousa que tamén representa Medusa é o feito de que antes de vender un produto malo prefiro non vender. É dicir, non vou a comprar roupa barata para vendela barata e que ao pouco tempo se estrague. Prefiro comprar en casas boas e vender calidade.

- De onde vén o nome da tenda?
- S.P.: Sempre me gustou moito a historia e o que representou Medusa na mitoloxía grega, e de aí saíu esa idea de beleza, de que a roupa de Medusa Shop transmitise esa beleza diferente, que unha muller Medusa sexa unha muller innovadora, diferente e creativa.

- Cumpriu xa o seu sexto aniversario. Cóntenos como naceu Medusa?
- S.P.: Naceu da nada. Traballei en diferentes actividades e despois de sufrir un accidente de tráfico polo que percibín unha pequena indemnización, decidinme a investila neste proxecto. Por aquel entón xa meu pai estaba enfermo así que para estar preto del pensei en coller este local e acondicionalo. Iso permitíame atender os seus coidados e ao mesmo tempo traballar.

Ademais da tenda en Melide, Sesé Pacín conta con tenda en liña (www.medusashop.es)

Cando tiven todo máis ou menos iniciado marchei a Madrid a escoller e comprar a roupa, e pese a que a primeira vez non foi todo como esperaba, ao ir pasando o tempo xa me fun informando de a onde ir a comprar e facelo máis acorde aos meus gustos. E así foi pasando o tempo. No local por exemplo fixen eu moitas cousas, pintei a decoración; logo o primeiro ano co que gañei xa comprei o toldo, o segundo ano un frontal da tenda, despois outro moble, tamén abrín a tenda por Internet, e así pouco a pouco ata que chegamos xa ao noso sexto aniversario.

- Foi doado emprender?
- S.P.: Non foi doado emprender e non é fácil sobrevivir, e moito menos ser autónoma, e dígocho eu que aínda encima veño de estar de baixa dous meses. Isto hai que pelexalo día a día, é unha loita continua.

- Con todo, que balance fai destes seis anos?
- S.P.: Podo dicir que tiven a sorte de que a miña aventura sempre foi cara adiante; quero dicir, que nunca me foi a peor.

- Que podemos atopar en Medusa?
- S.P.: Adoito traballar roupa para idades comprendidas entre os 16 e ata un máximo de 55 -56 anos máis ou menos, pero non porque non queira vestir a xente máis maior, senón porque non se deixan, e iso que eu estaría encantada de que vestisen o meu estilo. E despois teño roupa para chica, e para chico comecei a vender este ano algunha cousiña tamén. O que si podes atopar aquí facilmente son pantalóns que non vas atopar noutro sitio, por exemplo os pantalóns Baggy, tamén pitillos, os Boyfriend, que ademais son todos vaqueiros que se venden moi ben porque son diferentes ao que habitualmente podes atopar por aí. E máis alá do que podemos atopar na tenda creo que aquí teño roupa diferente, que non é habitual, e a iso hai que sumarlle que tamén me gusta personalizala. Penso os meus deseños, os meus debuxos e logo plasmo as ideas sobre a roupa. Do que se trata ao final é de que cando unha persoa entre na miña tenda, a descubramos e potenciemos o seu estilo persoal; senón ao final todos estaremos “encasillados” e custa moito cambiar esa idea e saírse do habitual.

- Ese estilo diferente levouna a participar no evento de Miss Grand Galicia. Como xurdiu a oportunidade?
- S.P.: A verdade é que non contaba con iso para nada. Eu aínda estaba de baixa e tiña dúbidas en canto a asistir á pasarela que organiza Asetem. Non sabía moi ben que facer, pero finalmente decidinme a participar, e o día antes da pasarela contactou comigo a través das redes sociais unha das persoas que organizaba o Miss Grand Galicia para dicirme que tamén ía vir a ver a pasarela Melide Está de Moda. Claro, eu pensei que viña a ver modelos, pero días despois da pasarela chamoume e díxome que lle gustara o noso pase, a roupa, o “rollo que temos” por dicilo dalgunha maneira, e que quería contar con nós para o evento en Lalín.

> “Cando alguén entra na miña tenda gústame descubrir e potenciar o seu estilo”

- E que tal foi a experiencia?
- S.P.: Imaxinábame todo máis pequeno, pero foi algo moi profesional e a verdade é que todo saíu moi ben. A maiores tiven que ser xurado e iso fíxome pasar nervios porque algunhas das rapazas coas que contaba para desfilar finalmente non saíron, así que tiven que ir organizando todo sobre a marcha e ao mesmo tempo facer de xurado. Finalmente resolvemos ben a situación. Ten en conta que para un desfile a min gústame preparar todo da miña man porque me gusta o meu traballo e tamén porque me divirto. E ademais, un desfile para min non só é ensinar roupa, senón tamén ensinar personalidade, comprender que hai maneiras de vestirse e que o podes facer ti só, que non cho teñen que impoñer ou todos acabaremos sendo iguais. Por sorte, creo que cada vez hai máis xente que trata de escapar desa idea de similitude.

Medusa Shop
Tlf: 696 875 209
Ronda da Coruña, 26

NOITE ABERTA DOS COMERCIOS
22 DE XUÑO
17:00h. ás 24:00h.
Melide
A Coruña
ANTICÍPATE AS REBAIXAS
ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES
ALAIN AFFLELOU
CALZADOS BROZ
COLORÍN COLORADO
DEPORTES LÓPEZ
DIVA PRO HAIR & BEAUTY
EKATÉ
ELECTROSAN
ESTANCO ANGARELA
GRUPO NOGUEROL
MAGNÍN MODA
MEDUSA MODA
MERCERÍA MARVI
MIS MEJORES LABORES
MODAS DÁNDOLO
MUXICA – TENDA XOVEN
M&M MODA
ÓPTICA TÁBORA
PARAFARMACIA O CANTÓN
PASARELA
PEFUMERÍA LYSS
ROMERO ZAPATERÍAS
SISUKA
SPORT MODA
STARDEMODA
SUEÑOS
TU BOUTIK
XOIERÍA ORO LEY
ZAPATERÍA PEQUENIÑOS
3x1
ATA 50% DTO.
2x1
+ 600 PREMIOS
DURANTE A XORNADA
CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
ORGANIZA:
CentroComercialAberto
ASETEM
CONCELLO DE MELIDE
XUNTA DE GALICIA
COLABORADORES:
HOTEL BALNEARIO RIO PAMBRE
VIÑOTECA Ribeirao